

NOTA DE PRENSA

O Colexio de Psicoloxía de Galicia promove a cultura do bo trato na infancia

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2017 - Mañá sábado 4 de novembro, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia organiza unha xornada arredor da cultura do bo trato na infancia na que participarán relevantes profesionais da psicoloxía con experiencia en diversos ámbitos. Trátase dunha actividade central para o Colexio dado que neste 2017 ten como lema "Pola infancia". A actividade transcorrerá ao longo da mañá na sede compostelá da institución colexial e está coordinada pola psicóloga Olegaria Mosqueda Bueno.

A inauguración da xornada será a cargo do vogal da Xunta de Goberno do COPG Víctor Torrado Oubiña, que dará paso a Antonio Salvador Jiménez Hernández, presidente do Consejo Independiente de Protección a la Infancia, coa conferencia "Xira pola infancia 2017: Por unha nova cultura do bo trato á infancia". Jiménez Hernández é mestre e doutor en psicopedagogía e desenvolve o seu labor profesional como docente e investigador nas universidades de Huelva e Sevilla, ademais de liderar proxectos de cooperación internacional para o desenvolvemento entre España e Marrocos.

A seguir, a vulnerabilidade infantil será obxecto de análise nunha mesa a tres bandas. O psicólogo clínico e director do Laboratorio de Apego e Narrativa (LIANA) da Fundación Meniños, Javier Aznar Alarcón abordará o risco na saúde mental. A psicóloga sanitaria Paula Baldomir Gago, experta en psicopatoloxía da infancia e da adolescencia e en medicina psicosomática, falará da violencia e da agresión na infancia. Pechará esta mesa a tamén psicóloga Leonor Galiana Caballero, membro do Grupo de Intervención en Catástrofes e Emerxencias do COPG, que tratará as situacións de crise e dó.

A segunda mesa analizará os contextos, por unha banda o ámbito social, coa psicóloga clínica Yudit González Núñez, coordinadora da Fundación Meniños en Ourense; mentres que o psicólogo Alfredo Fornos Pérez, orientador no CEIP Escultor Acuña, tratará o eido educativo.

A última das mesas centrarase nas respostas institucionais. O psicólogo José Manuel Oreiro Blanco, que exerce no Servizo de Protección de Menores da Coruña, explicará a protección a menores, mentres que das medidas cautelares e xudiciais serán pormenorizadas por Juan Luis Basanta Dopico, psicólogo da fiscalía de menores e do Xulgado de Menores de Ourense.

Saúdos,

Se desexas ampliar a información, podes contactar co Departamento de comunicación do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

Eliana Martíns:

981 534 049 / 699 908 968 / comunicacion@copgalicia.gal